

EXPEDIENTE Nº 6802/2023

12/2023: Proxecto dotacional destinado a dinamizar e difundir a gastronomía do territorio - Museografía Centro de Interpretación do Pazo de Quintáns (PST - NEXT GENERATION EU)

(EXPEDIENTE CONVENIO AXENCIA TURISMO DE GALICIA: 2021008448)

ASUNTO: MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE E IDONEIDADE DO CONTRATO

A presente memoria redáctase para dar cumprimento ao disposto no artigo 28.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP), referente á necesidade e idoneidade do contrato, e do disposto na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e na Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR).

Durante a tramitación do expediente de contratación, terase en conta en todo momento a “Instrución do 23 de decembro de 2021 da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado”.

En concreto, e especialmente no artigo 2 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro recóllense os principios de xestión específicos do PRTR, que son:

- a) Concepto de fito e obxectivo, así como os criterios para o seu seguimento e acreditación do resultado.
- b) Etiquetado verde e dixital.
- c) Análise de risco en relación con posibles impactos negativos significativos no medio ambiente (Do not significant harm, DNSH), seguimento e verificación de resultado sobre a avaliación inicial.
- d) Reforzo de mecanismos para a prevención, detección e corrección do fraude, a corrupción e os conflitos de interese.
- e) Compatibilidade do réxime de axudas do Estado e prevención do dobre financiamento.
- f) Identificación do perceptor final dos fondos, sexa como beneficiario das axudas, ou adxudicatario dun contrato ou subcontratista.
- g) Comunicación.



No PRTR, como parte do Compoñente 14, incluíuse a liña de investimento de Transformación do modelo turístico cara á sustentabilidade, que inclúe o Programa de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos como submedida 2 do investimento 1 (C14.I1), en tanto que mecanismo de actuación cooperada entre os tres niveles da Administración. Este programa financia proxectos cuxos créditos serán obxecto de territorialización.

Ademais, con base na Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destinos, fixa as condicións de participación das comunidades autónomas e as entidades locais, os ámbitos de aplicación, os limiares mínimos de investimento, o procedemento de presentación das propostas e as regras para a súa aprobación, execución e xustificación.

Os Plans Territoriais elabóranse mediante un proceso participativo e de colaboración entre as tres administracións públicas competentes e os diferentes actores públicos e privados do ecosistema turístico do destino.

O obxectivo perseguido relativos á liña de investimento C14.I1 é implementar actuacións de impulso da sustentabilidade turística contempladas na submedida 2, os Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, na súa tripla vertente: ambiental, socioeconómica e territorial, a fin de beneficiar aos destinos turísticos, aos axentes sociais e aos operadores privados do sector

De acordo ao procedemento establecido na Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destino aprobada na Conferencia Sectorial do 28 de xullo de 2021, a Axencia Turismo de Galicia elaborou o Plan Territorial de Sustentabilidade Turística en Destino (PSTD) do Concello de Sanxenxo.

Tras a apertura da convocatoria e a remisión dos PSTD no prazo establecido, as propostas de PSTD e de Actuacións de Cohesión entre Destinos (ACD) foron valoradas por parte das comunidades autónomas e da Secretaría de Estado de Turismo (SETUR), de acordo a criterios obxectivos establecidos na propia Estratexia.

Posteriormente, Axencia Turismo de Galicia e SETUR compartiron en sesión formalmente convocada o 5 de novembro de 2021 do Comité Consultivo formado por dous representantes da Axencia de Turismo de Galicia, dous representantes de SETUR e unha representante da FEGAMP as valoracións das intervencións propostas para esta convocatoria 2021. Na devandita reunión, presentouse un informe que contiña o listado de todos os PSTD recibidos, as ACD, e as puntuacións asignadas a cada unha desas intervencións. A esta Convocatoria do Comité Consultivo convidouse con voz, pero sen voto, a un representante de cada destino urbano ou cidade con identidade turística que presentaran PSTD a esa convocatoria.

Finalmente, elaborouse a proposta de Plan Territorial de Galicia que inclúe os PSTD e ACD que, obtendo unha nota superior a 70 sobre 100 con base nos criterios de valoración recollidos, encaixaban mellor na planificación turística territorial atendendo ao marco da repartición orzamentaria asignada para 2021 á Comunidade Autónoma de Galicia, tendo en conta a súa contribución á



cohesión territorial e detallando a súa xustificación e coherencia, tanto no que se refire á interrelación do conxunto de intervencións (PSTD e ACD), como ás sinerxias e aliñación de cada unha das intervencións coas estratexias de turismo a nivel autonómico e estatais, así como cos obxectivos xerais e específicos da Estratexia.

A Resolución do 23 de decembro de 2021, da Secretaría de Estado de Turismo, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo do 21 de decembro de 2021, polo que se fixan os criterios de distribución, así como a repartición resultante para as comunidades autónomas, do crédito destinado ao financiamento de actuacións de investimento por parte de entidades locais no marco do Compoñente 14 Investimento 1 do PRTR, establece que a Conferencia Sectorial de Turismo, na súa reunión do día 28 de xullo de 2021, de acordo co previsto na orde do día, ratificou a aprobación da Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destino, marco do Programa de Sustentabilidade Turística en Destinos.

Conforme se indica no apartado 8.1.1 da Estratexia, o ente xestor dos PSTD debe ser unha entidade local de entre as previstas no artigo 3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Igualmente, as comunidades autónomas poderán establecer como xestores dos PSTD a outras fórmulas de asociacións de municipios recollidas na súa normativa autonómica como, por exemplo, os consorcios turísticos ou os grupos de acción local.

As entidades locais son as unidades básicas que constitúen os destinos e as responsables da maioría dos parámetros que inflúen na elección dos turistas, así como dos determinantes da competitividade e sustentabilidade do modelo. As entidades locais teñen competencias para a ordenación urbanística, o transporte, a mobilidade, a creación de equipamentos para o turismo, a ordenación de actividades no seu municipio, o abastecemento e depuración de augas, o uso das praias, as licenzas de actividades turísticas, as servidumes de uso público, etc. Por tanto, se se quere asegurar a sustentabilidade en sentido amplo do modelo turístico español, débese actuar fundamentalmente nos destinos turísticos.

O concello de Sanxenxo concorreu á convocatoria extraordinaria de Plans Territoriais de Sustentabilidade Turística en Destino, presentando un proxecto baixo o título de “Sanxenxo 365 días” sendo unha das categorías de destino recollidas na convocatoria e establecendo o investimento mínimo por eixos que recolle a convocatoria.

Presentando as seguintes actuacións:

- Acondicionamento de acceso e mellora paisaxística A Telleira,
- Senda Fianteira Os Pasales,
- Mellora do entorno do Pazo de Quintans,
- Dotación ecoeficiente do Centro de Interpretación A Telleira,
- Dotación ecoeficiente do Centro de Interpretación do Pazo de Quintáns,



- Museografía dixital Centro de Interpretación A Telleira,
- Dotación dixital Centro de Interpretación do Pazo de Quintáns,
- Museografía e equipamento do Centro de Interpretación A Telleira, Centro de Interpretación do Pazo de Quintáns,
- Apoio ao ente xestor: coordinación, avaliación e seguemento.

Dita proposta de Plan foi valorada tanto pola Axencia Turismo de Galicia , como por SETUR, obtendo unha nota superior a 70 sobre 100 en base aos criterios de valoración, sendo aprobado e formando parte do plan Territorial de Sustentabilidade Turística de Galicia.

O 29/07/2022 é asinado Convenio entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Sanxenxo para a execución do Plan de Sustentabilidade Turística Sanxenxo 365 días, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia en diante PRTR, financiado pola Unión Europea-Nextgeneration. (expediente 2021008448)

O presente convenio ten por obxecto articular a colaboración entre as partes asinantes co obxectivo de executar PSTD do concello de Sanxenxo, dentro do Plan Territorial de Sustentabilidade Turística en Destino da Comunidade Autónoma de Galicia, con cargo aos Fondos Europeos procedentes do MRR, así como o importe necesario para a execución do mesmo.

Esta subvención estará sometida:

1. Ao Regulamento (UE) número 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o MRR, así como a normativa interna aplicable á xestión, seguimento e control que se estableza para o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia en España —Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, a Orde HFP/1031/2021— e, en especial a Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, cuxa aplicación será de obrigado cumprimento, LEI 17/2021, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, en relación coa execución orzamentaria e contable, xestión das actuacións e proxectos vinculados ao do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
2. Adecuación a etiquetas climáticas.
 - a. O PRTR ten que contribuír polo menos nun 37% á transición ecolóxica. Para calcular esa contribución, a Unión Europea define un sistema de etiquetaxe común para clasificar as actividades económicas medioambientalmente sostibles. Esta metodoloxía recóllese no Anexo VI do Regulamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
 - b. De acordo co previsto na Decisión de Execución do Consello, as actividades recollidas no PSTD contribuirán ao cumprimento dos



obxectivos relacionados co cambio climático con coeficiente climático do 100 % e a aqueles con coeficiente climático do 40 %, de conformidade co anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241 sobre o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

3. A Comunidade Autónoma transferirá o importe total ao Concello de Sanxenxo, como financiamento anticipado das actuacións, conforme ao establecido polo artigo 10 do Real Decreto-Lei 25/2020, do 3 de xullo. Esta aportación poderá financiar as actuacións que se realicen nos restantes exercicios do convenio, sendo o prazo de execución de tres anos para esta achega a partir da entrada en vigor do convenio.
4. Calquera cambio que se realice nas acción descritas, requerirá a conformidade e aprobación da Axencia de Turismo de Galicia para a súa realización.
5. En aplicación do principio de «non causar dano significativo» (principio «do no significant harm- DNSH»), de acordo co previsto no Plan de Recuperación, e polo Regulamento (UE) n.º 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, respectarase a normativa ambiental aplicable, incluído o Regulamento (UE) 2020/852, do Parlamento Europeo e do Consello do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088, así como a Guía Técnica da Comisión Europea (2021/ C 58/01) sobre a aplicación deste principio de «non causar dano significativo». Respectarase os procedementos de avaliación ambiental, cando sexan de aplicación, conforme á lexislación vixente, así como outras avaliacións de repercusións que puidesen resultar de aplicación en virtude da lexislación ambiental. Deberase achegar xustificación do cumprimento do principio DNSH mediante unha avaliación favorable de adecuación ao principio de DNSH, ou no seu caso, unha declaración responsable do cumprimento do mesmo. No ámbito do expediente do convenio (2021008448) TRAGSATEC no marco de execución do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino Sanxenxo 365 días, leva a cabo unha supervisión, control e revisión para garantir a viabilidade e xustificación acorde cos obxectivos do proxecto.
6. Para o control e resolución de cantas cuestións suscítense ao redor da interpretación e aplicación da execución do convenio, quedará constituída a comisión de seguimento desde a firma do convenio e ditará as normas internas do seu funcionamento, debéndose reunir sempre que o solicite algunha das partes e, en todo caso, polo menos tres veces ao ano.
7. O Concello de Sanxenxo, finalizada a execución presentará a xustificación ante a Axencia turismo de Galicia e presentará unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas e unha memoria económica, tendo en conta as singularidades establecidas no artigo 63 da Real Decreto-Lei 36/2020, do 30 de decembro.



8. A fin de cumprir co previsto no Fito 220 recollido na Decisión de Execución do Consello, as Comisións de Seguimento aseguraranse de que todos os destinos beneficiarios logren como mínimo as seguintes porcentaxes de execución de cada Plan de Sustentabilidade Turística:
- Execución do 75 % no caso dos destinos adxudicados en 2021. Caso PSTD 365 do Concello de Sanxenxo)
 - Execución do 50 % no caso dos destinos adxudicados en 2022.
 - Execución do 25 % no caso dos destinos adxudicados en 2023.
9. En relación co anterior, no BOE nº 26 do 30/01/2024 publícase a Resolución do 29 de decembro de 2023, da Secretaría de Estado de Turismo, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo do 21 de decembro de 2021, modificado por Acordo do 29 de decembro de 2023. Modifícanse as porcentaxes. Recóllese que o prazo de execución, por estar directamente asociados aos créditos obxecto de transferencia, e conforme ás orientacións do Ministerio de Facenda do 11 de febreiro de 2021, e para lograr obxectivos cuantitativos individualizados mínimos, de obrigado cumprimento no fito número 220 do CID de cada Plan de Sustentabilidade Turística adxudicado no 2021, será no cuarto trimestre de 2024, non obstante a porcentaxe a executar da actuación será do 50% e non do 75% .Ademais, esixírase xustificar a finalización dos proxectos, en todo caso, antes do final do segundo trimestre de 2026. Para considerar finalizada unha actuación é necesario que todos os elementos constitutivos da mesma estean finalizados. Para estes efectos esixírase a acta de recepción do contrato ou o documento que se poida establecer alternativamente en cumprimento das disposicións que estableza a Comisión Europea ou o Ministerio de Facenda e Función Pública.

O custo das actuacións previstas no convenio entre o Concello de Sanxenxo e a Axencia Galega de Turismo cífrase en 2.000.000 euros, e se financian conforme distribución en 4 eixos:

EIXOS PROGRAMÁTICOS

- Eixo 1. Transición verde e sostible
- Eixo 2. Mellora da eficiencia enerxética
- Eixo 3. Transición dixital
- Eixo 4. Competitividade

Non obstante, tras unha análise efectuada en novembro de 2023 das actuacións planificadas e considerando a proposta presentada polo equipo da consultora TRAGSATEC no marco de execución do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino Sanxenxo 365 días, levouse a cabo unha revisión que suxire unha reestruturación dos investimentos para garantir a viabilidade e xustificación acorde cos obxectivos do proxecto. Axústanse os limiares mínimos de investimento establecidos por eixos e etiquetas e, ao mesmo tempo, o cumprimento dos obxectivos climáticos e ambientais estipulados polo Regulamento UE 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de



febreiro de 2021. Todo elo, sen alterar o importe dos 2.000.000 euros da subvención.

No ámbito das actuacións: “Dotación dixital Centro de Interpretación do Pazo de Quintáns” e “Museografía e equipamento do Centro de Interpretación do Pazo de Quintáns”, e elaborado un proxecto museográfico executivo para o Centro de Cultura Gastronómica da Rías Baixas no Pazo de Quintáns” que comprende a planificación, xestión, deseño, elaboración, execución e posta en marcha, de proxecto museográfico.

Tamén se propón unha actuación sobre a leira anexa situada ao Oeste, co fin de dotar de prazas de aparcamento (dous delas accesibles) ao conxunto e a pavimentación conxunta co camiño de acceso que a separa do resto do conxunto, mediante un pavimento empedrado.

Á vista de todos os antecedentes expostos dáse ata o momento cumprimento do disposto no apartado a), b) e c) do artigo 2 da Orde HFP/1030/2021.

Respecto do apartado d) do artigo 2 da Orde “Reforzo de mecanismos para a prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de interese” o Concello de Sanxenxo, atendendo coa obriga que impón e desenvolve o artigo 6, en consonancia co artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241, de 12 de febreiro, do Parlamento Europeo e do Consello, relativa a que toda entidade decisoria ou executora que participe na execución das medidas do PRTR, ten aprobado un “Plan de medidas antifraude” que lle permite garantir e declarar que no seu respectivo ámbito de actuación conta con mecanismos para a prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de interese.

Polo tanto, é de aplicación durante a tramitación do procedemento todo o disposto no Plan antifraude do Concello, e especialmente no referente á:

1. Avaliación do risco de fraude, corrupción ou conflito de interese aplicada ao contrato.
2. Dispoñibilidade dun procedemento para abordar conflitos de intereses e fraudes que comprometa as medidas de prevención, detección, corrección e persecución apropiadas.
3. A cumprimentación da Declaración de Ausencia de Conflito de Interese (DACI), por todos os partícipes nos contratos en cuestión.

Para cumprir co principio do artigo 2 recollido no apartado e) “Compatibilidade do réxime de axudas de Estado e prevención do dobre financiamento”, deberá incorporarse aos expedientes de contratatación en cuestión, informe acreditativo emitido por técnico municipal ou pola Intervención municipal.

Respecto do cumprimento do disposto no apartado f) “Identificación do receptor final dos fondos, sexa como beneficiario das axudas ou adxudicatario dun contrato ou subcontratista”, tal información acreditarase no informe ou memoria final acreditativa do cumprimento da subvención.



En todo momento os órganos xestores, os órganos de contratación, deberán velar polo cumprimento do sinalado no artigo 8 da Orde HFP/1031/2021 e cumprimentar os modelos de declaración correspondentes.

Na elaboración dos Pregos que rexirán o contrato, deberá contemplarse a inclusión de todos os preceptos, obrigas e principios recollidos na Orde HFP/1031/2021 e Orde HFP/1030/2021, especialmente os referentes á obriga da aplicación ao contrato en cuestión do plan de medidas antifraude e anticorrupción, o preceptivo cumprimento das obrigas asumidas en materia de etiquetado verde e etiquetado dixital e a referencia aos fitos e obxectivos que se pretenden cumprir e a obriga de cumprimentación da DACI por todas as persoas obrigadas.

Á vista do recollido no Proxecto executivo museográfico executivo, esta actuación resulta de interese para o Concello de Sanxenxo por canto mellora as posibilidades de uso do Pazo de Quintáns, declarado polo Decreto 28/2017, de 9 de febreiro, como ben de interese cultural, con categoría de monumento.

Con estas actuacións, o Concello promove a actividade turística de interese e ámbito local, a súa gastronomía e cultura, ase como no seu término municipal a participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e das comunicación.

Deste xeito, esta contratación faise necesaria para cumprir cos fitos e obxectivos da medida da componente do (PRTR) á que se enmarca o PSTD, (Obxectivo 217e fitos 220 e 221)

Xustifícase, pois, a finalidade do expediente de contratación nº 12/2023 (electrónico 6802/2023) do “Proxecto dotacional destinado a dinamizar e difundir a gastronomía do territorio - Museografía Centro de Interpretación do Pazo de Quintáns”, considerándose idóneo optar por un procedemento aberto con multiplicidade de criterios na súa adxudicación.

En Sanxenxo, na data da sinatura electrónica
O alcalde, Telmo Martín González

